

# Boletín Oficial

## DE LA PROVINCIA DE LUGO

<http://www.diputacionlugo.org/>

<u>PRECIOS DE SUSCRIPCION</u>	<u>ANUNCIOS Y OTRAS INSERCCIONES</u>
Al año.....36,06 €	Por cada palabra o números.....0,15 €
Al semestre.....24,04 €	- Las inserciones con carácter de urgencia, el importe será el doble de la inserción normal.
Mas gastos de envío	- La tarifa se incrementará en un 50%, en los casos en que los textos a publicar no se entreguen o envíen en soporte informático compatible, según establece el art. 10 de la ordenanza reguladora del B.O.P.
Los municipios de la provincia recibirán gratuitamente una suscripción.	- Importe mínimo de publicación.....6 €
<b>VENTA DE EJEMPLARES SUELTOS</b>	<b>SE PUBLICA TODOS LOS DIAS, EXCEPTO LOS FESTIVOS</b>
Por ejemplar de hasta 8 páginas .....0,60 €	<i>Depósito Legal LU-1-1968 / Franqueo concertado (27-2)</i>
Por ejemplar de más de 8 y hasta 12 páginas .....0,90 €	Imprime: "El Progreso de Lugo, S.L."
Por ejemplar de más de 12 páginas ..... 1,35 €	
<b>LAS SUSCRIPCIONES Y ANUNCIOS SE HARAN PREVIO PAGO DE SU IMPORTE</b>	

### AYUNTAMIENTOS

CERVO

Anuncio

Convocatoria de concurso con procedemento aberto e tramitación urxente, da obra: "Acondicionamento de rúas en San Cibrao (rúa Galiñeira, dos Baos, da Florida, Pardo Bazán e urbanización Galdín)".

Aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 9 de febreiro de 2007, o prego de cláusulas administrativas que rexerá a contratación da obra "acondicionamento de rúas en San Cibrao (rúa Galiñeira, dos Baos, da Florida, Pardo Bazán e urbanización Galdín)", polo procedemento aberto, forma de adxudicación concurso e tramitación urxente, con redución de prazos, exponse ó público na Secretaría deste Concello polo prazo de 8 días hábiles a efectos de exame e reclamacións, de acordo co disposto no art. 122 do RD 781/86, de 18 de abril, simultaneamente anúnciase o concurso de referencia, se ben, a licitación aprazarase, no suposto de que formulen reclamacións contra o prego de cláusulas administrativas ata que se resolvan pola Corporación.

1.- ENTIDADE ADXUDICADORA:

CONCELLO DE CERVO, Praza do Concello, 27891 - Cervo (Lugo). Tfno: 982-557777. Fax: 982-557729.

A).- DEPENDENCIA QUE TRAMITA O EXPEDIENTE: Secretaría do Concello, onde poderán obter copia do prego de cláusulas e demais información que compón o expediente.

2.- OBXECTO DO CONTRATO:

A).- DESCRICIÓN DO OBXECTO:

As obras a realizar consistirán na demolición previa en aqueles tramos nos que existan beirarrúas construídas ou a medio construír, preparación do terreo, colocación de bordos, compactación da base e colocación do pavimento de formigón pulido con mallazo de reparto, nos metros lonxitudinais sinalados na documentación gráfica. Así mesmo, realizarase a canalización eléctrica e as bases de báculos e as súas correspondentes arquetas de conexión, así como a colocación de farolas e luminarias. Nas rúas Pardo Bazán e urbanización Galdín renovarase o asfaltado, con aglomerado asfáltico en quente, segundo o proxecto redactado pola arquitecta D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Belén Rivas Baltar.

As empresas interesadas en participar neste concurso deberán someterse dende o punto de vista técnico ó proxecto de referencia.

B).- LUGAR DE EXECUCIÓN: San Cibrao.

C).- PRAZO DE EXECUCIÓN: As obras deberán ser executadas no prazo tres meses.

3.- TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION:

A).- TRAMITACION: Urxente.

B).- PROCEDEMENTO: Aberto.

C).- FORMA: Concurso.

4.- PRESUPOSTO BASE DE LICITACION:

O presuposto do contrato que servirá de base na licitación ascende a un total de 304.319,42 euros, I.V.E., demais impostos, anuncios e gastos incluídos.

5.- GARANTIAS:

A).- PROVISIONAL: 2% tipo de licitación.

B).- DEFINITIVA: 4% do importe de adxudicación.

6.- REQUISITOS:

Clasificación: GRUPO G, SUBGRUPO 6, categoría E.

A solvencia económico, financeira e técnica acredítase de conformidade co establecido nos artigos 16 e 17 do TRLCAP aprobado por RDL 2/2000.

7.- CRITERIO QUE SERVIRÁN DE BASE PARA A ADXUDICACIÓN.

Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación do concurso, ponderando sobre un tope de 10 puntos, serán os seguintes:

- Maiores unidades de obra a cargo e conta do adxudicatario valoradas a prezos de execución material. Ponderando ata 4 puntos.

- Menor prezo ofertado. Ponderado ata 5 puntos.

-Menor prazo de execución. Ponderado ata 1 punto.

Estes criterios valoraranse proporcionalmente, de modo que, á mellor oferta daráselle a puntuación máxima, e ós restantes puntuaranse proporcionalmente.

8.- PRESENTACION DE OFERTAS:

a).- As ofertas presentaranse, no Concello de Cervo en man, das 9,00 ás 14,00 horas, dentro dos 13 días naturais seguintes ó da última publicación do anuncio de licitación no BOP ou no DOG.

b).- DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR: Figura descrita na cláusula undécima do prego de condicións.

9.- CLASIFICACIÓN DE DOCUMENTACIÓN E APERTURA DE PLICAS: Terá lugar no salón de actos da Xunta de Goberno, ás 13,15 horas do segundo día hábil seguinte ó de remate do prazo para presentar propostas. Se coincide con sábado trasladarase ó primeiro día hábil seguinte.

10.- GASTOS DE ANUNCIOS E TRIBUTOS E OUTROS DERIVADOS DA CONTRATACIÓN: Pola conta do adxudicatario segundo se establece na cláusula XVII do prego que serve de base para a contratación.

Cervo, 12 de febreiro de 2007.- O Alcalde, José Insua Pernas.

R. 00947

—  
O CORGO

PEDRO REIJA DÍAZ, solicitou nesta Alcaldía licencia municipal para AMPLIACIÓN DE UNA EXPLOTACIÓN AVÍCOLA a emprazar en ARXEMIL.

En cumprimento do disposto no parágrafo a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, do 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, coa fin de que durante o mesmo -que comezará a contar desde o día seguinte ó da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da

Provincia- poidan examina-lo expediente, na Secretaría deste Concello, as persoas que dalgún xeito se consideren afectadas polas actividades que se pretenden instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

O Corgo, 16 de febreiro de 2007.- O ALCALDE, José A. Ferreiro González.

R. 00981

—  
RIORTORTO

Aprobado inicialmente por el Pleno de la Corporación el presupuesto general para el ejercicio 2007, la plantilla de personal y la relación de puestos de trabajo para dicho ejercicio, en cumplimiento de lo dispuesto en el artículo 169.1 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales y disposiciones concordantes, se expone al público en la Secretaría de este Ayuntamiento por plazo de 15 días hábiles, contados a partir del día siguiente al de la inserción de este edicto en el B.O.P., a fin de que durante el mismo puedan formularse las reclamaciones que se estimen pertinentes, las cuales deberán ser dirigidas al Sr. Alcalde-Presidente de este Ayuntamiento.

Riortorto, 19 de febrero de 2007.- El Alcalde, José López Cabodevila.

R. 00945

—  
VILALBA

*Edicto*

Polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 29 de decembro do ano 2006, aprobouse o expediente de modificación das ordenanzas nº 9 reguladora da taxa por recollida de lixo, nº 11 reguladora da taxa pola rede de sumidoiros, nº 16 reguladora da taxa por subministro de auga, nº 27 reguladora da taxa por reservas ou aproveitamentos especiais de espazo de uso público e por inmovilización, retirada, traslado e depósito de vehículos e nº 29 reguladora da taxa por prestación de axuda no fogar.

A efectos do establecido no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o referido acordo expónse ó público durante o prazo de 30 días hábiles.

No citado prazo, contado a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio, poderán os interesados examina-los expedientes nas oficinas municipais, e presentar-las reclamacións que se estimen oportunas no rexistro deste Concello, dirixidas ó Pleno.

Vilalba, 17 de febreiro do 2007.- O ALCALDE, Gerardo Criado Guizán.

R. 00954

*Edicto*

Polo Pleno deste Concello, en sesión celebrada o día 17 de novembro do 2006 aprobouse o expediente de modificación da ordenanza fiscal do Cemiterio Municipal.

A efectos do establecido no artigo 17 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o referido acordo exponse ó público durante o prazo de 30 días hábiles.

No citado prazo, contado a partir do seguinte ó da inserción deste anuncio, poderán os interesados examina-los expedientes nas oficinas municipais, e presentalas reclamacións que se estimen oportunas no rexistro deste Concello, dirixidas ó Pleno.

Vilalba, 17 de febreiro do 2007.- O ALCALDE, Gerardo Criado Guizán.

R. 00955

—  
XERMADE

Anuncio

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión plenaria celebrada o 21 de decembro de 2006, acordou aprobar provisionalmente nova ordenanza reguladora do outorgamento de subvencións polo Concello de Xermade, así como derogar a ordenanza anterior para aprobar nova ordenanza fiscal reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, e novas ordenanzas fiscais reguladoras da taxa por outorgamento de licenza urbanística, e taxa por outorgamento de licenza de apertura de establecementos.

Así mesmo acordou expoñer os expedientes a información pública e audiencia ós interesados, previo anuncio no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días, e no suposto de que non se presentaran reclamacións contra os mesmos, entenderanse automaticamente elevados a definitivos os acordos ata entón provisionais, de conformidade co disposto nos artigos 49 da Lei 7/1985 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local e artigo 17 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, para as ordenanzas fiscais.

No BOP nº 4 de data 5 de xaneiro de 2007 publicouse anuncio de exposición pública, non presentándose no prazo de exposición pública reclamacións, polo que entendendo aprobadas definitivamente as anteditas ordenanzas publícase o seu texto íntegro en cumprimento do previsto no artigo 70.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril e 17.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, facendo constar que contra a aprobación definitiva das ordenanzas poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados a partir da data de publicación das mesmas no Boletín Oficial da Provincia

ORDENANZA XERAL REGULADORA DO OUTORGAMENTO DE SUBVENCIÓNS POLO CONCELLO DE

XERMADE

CAPITULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1º Obxecto

Esta ordenanza ten por obxecto regular e fixar os criterios e procedementos de concesión de subvencións outorgadas polo Concello de Xermade, ó amparo do establecido na Lei 38/2003 de 17 de novembro Lei Xeral de Subvencións.

Con estas bases reguladoras preténdense fixar obxetivos e garantir ós veciños e entidades, en igualdade de condicións, o acceso a estas prestacións para servizos e actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia local.

ARTIGO 2º Concepto.

Terá a consideración de subvención toda disposición dineraria realizada directa ou indirectamente, con cargo ós orzamentos municipais que outorgue a Corporación en materias de competencia do municipio e que cumpran os seguintes requisitos:

a.- Que a entrega sexa realizada sen contraprestación directa dos beneficiarios.

b.- Que a entrega esté suxeita ó cumprimento dun determinado obxectivo, a execución dun proxecto, a realización dunha actividade, a adopción dun comportamento singular, xa realizado ou por desenrollar, ou a concorrencia dunha situación estando obrigado o beneficiario a cumprir as obrigas materiais e formais que se establecen nesta ordenanza ou se determinen nas normas das convocatorias específicas.

c.- Que o proxecto, acción, conducta ou situación financiada teña por obxecto o fomento dunha actividade pública ou de interese social ou de promoción dunha finalidade pública.

ARTIGO 3º Principios.

A concesión e xestión das subvencións atenderá ós seguintes principios:

a.- Publicidade, transparencia, concorrencia, obxetividade, igualdade e non discriminación.

b.- Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Corporación.

c.- Eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos.

Ademáis o outorgamento das subvencións terá carácter voluntario e eventual, non sendo invocable como precedente e non será esixible o aumento ou revisión da subvención.

ARTIGO 4º Normativa.

Os procedementos de concesión de subvencións para as actividades que se indican na presente ordenanza, deberán axustarse á presente norma, e no que non esté previsto nela, á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral

de subvencións e demais normativa legal aplicable.

## CAPITULO II

### BENEFICIARIOS. OBRIGAS.

#### ARTIGO 5. Beneficiarios.

Terán a consideración de beneficiarios das subvencións as persoas físicas que teñan que realizar a actividade que fundamentou o seu outorgamento ou se atopan na situación que lexítima a súa concesión.

Terán igualmente a consideración de beneficiario, as persoas xurídicas así como os membros asociados da mesma, que se comprometan a efectuar a totalidade ou parte das actividades que fundamentan a concesión da subvención en nome e por conta da persoa xurídica.

Tamén poderán acceder a condición de beneficiario as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, as comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado que, aínda carecendo de persoalidade xurídica, poidan levar a cabo os proxectos ou actividades que motivan a concesión da subvención.

En calquera caso, os beneficiarios deberán acreditar a súa domiciliación no municipio de Xermade.

#### ARTIGO 6º Obrigas

Son obrigas dos beneficiarios:

1. Cumprir o proxecto ou actividade que fundamentou a concesión da subvención.

2. Xustificar ante o Concello de Xermade, o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e finalidade que determine a concesión da subvención.

3. Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requeridas polos órganos municipais, aportando canta información sexa requirida no exercicio destas actuacións e que estén relacionadas coa concesión da subvención.

4. Comunicar ó Concello de Xermade a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan axiña como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos.

5. Acreditar con anterioridade a dictarse a proposta de resolución de concesión que están ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial de aplicación, ou no seu caso, dos estados contables que garantan o correcto exercicio das facultades de comprobación e control.

7. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos

electrónicos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.

8. Deberán dar adecuada publicidade do carácter público da financiación de programas, actividades, inversións ou actuacións de calquera tipo que sexan obxecto de subvención, có logotipo aprobado polo Concello de Xermade.

9. Proceder ó reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

## CAPITULO III

### ACTIVIDADES OBXETO DE SUBVENCION

ARTIGO 7º Actividades ou proxectos subvencionables.

Serán subvencionables as actividades programadas nas convocatorias específicas, e referidas as áreas de:

a) Cultura: Na área de cultura será calquera actividade cultural relacionada coas artes, ciencias e letras. Igualmente serán obxecto de subvención, as actividades de animación socio cultural, especialmente as de ocio e tempo libre, destinadas ó fomento da creatividade e participación veciñal, as realizadas por peñas, etc, así como os espectáculos de música, formacións corais e música folk.

b) Turismo: Na área de turismo será calquera actividade destinada ó fomento do turismo no Concello de Xermade, así fomento como o coñecemento e fomento da mesma fora do termo municipal.

c) Festexos: Na área de festexos, calquera actividade relacionada cós festexos tradicionais que teñan a calificación de Interese Turístico e aquelas actividades festivas que complementen as actividades municipais nesta materia.

d) Deporte: Son subvencionables os gastos derivados da organización de actos e actividades deportivas ou relacionadas coa promoción do deporte.

e) Educación: Actividades dirixidas á formación dos alumnos, sostemento e funcionamento de actividades do sector educativo, tamén ás destinadas á formación no ámbito musical, como bandas de música etc...

f) Xuventude: Actividades de animación sociocultural, programas destinados a xóvenes, concursos, exposicións, outras actividades relacionadas coa cultura e creación xuvenil, programas de información e asesoramento, ocio e tempo libre, actividades formativas e educativas, revistas e publicacións e, en xeral, todas aquelas actividades relacionadas có fomento da participación e o asociacionismo xuvenil.

g) Saúde: Actividades encamiñadas á prevención, protección e promoción da saúde, dirixidas á poboación en xeral e a colectivos en particular, como xóvenes, maiores, mulleres, nenos, etc. Tamén aqueles proxectos ou programas que contemplen obxectivos educativos e preventivos que fomenten a saúde dos diferentes grupos de poboación. Serán tamén subvencionables os gastos derivados de actividades informativas-formativas.

vas, organización de actos públicos, como xornadas, seminarios, etc., que faciliten o coñecemento á inserción e rehabilitación de enfermos.

h) Medio Ambiente: Actividades encamiñadas á protección do medio ambiente urbán e natural e a promoción de todo tipo de actividade que se dirixa especialmente a esta protección. Tamén actividades formativas, de información, e participación dos veciños.

i) Cooperación: Actividades encamiñadas á consecución de proxectos de cooperación local, nacional ou internacional, así como campañas de sensibilización dirixidas á poboación autóctona.

j) Participación Veciñal: Actividades dirixidas á promoción, funcionamento e actuacións das Asociacións de Veciños.

k) Consumo: Actividades dirixidas á formación, programas e actividades relacionadas có consumo e comercio.

L) Servicios sociais: Serán subvencionables as actividades orientadas á prevención, intervención, asistencia, rehabilitación, integración social e promoción do benestar social da familia, a infancia e adolescencia, maiores, mulleres, persoas con discapacidade, inmigrantes, e outros colectivos en situación de risco de exclusión social, así como as destinadas á promoción do movemento asociativo e voluntariado social e á atención de situacións de graves carencias ou emerxencia social.

m) Outras: Calquera outra actividade que sexa complementaria da actividade municipal e susceptible de subvencionar por dirixirse a un colectivo de poboación determinado.

#### CAPITULO IV.

##### AS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIONS

###### ARTIGO 8º Publicidade

As convocatorias de subvencions que se aproben deberán axustarse en todo caso as presentes normas, facendo especial indicación das mesmas.

Deberán fixar necesariamente os contidos que se relacionan no artigo 23 da Lei Xeral de Subvencions, e publicarse no Boletín Oficial Provincial.

###### ARTIGO 9º Principios xerais

Con carácter xeral e sen prexuízo dos criterios propios que se establezan en cada convocatoria, éstas deberán respetar en todo caso para o outorgamento das subvencions os seguintes principios:

a) Interese xeral da actividade e beneficio para os veciños de Xermade.

b) Inexistencia ou déficit de actividades análogas.

c) Prioridade para aquelas actividades que sen a subvención serían de difícil posta en funcionamento.

###### ARTIGO 10º Principios económicos.

As respectivas convocatorias fixarán as contías máximas das subvencions susceptibles de concesión, imputables ás partidas orzamentarias e cóos créditos dispoñibles, atendendo en todo caso, ó establecido nas bases de execución do orzamento municipal.

A contía da subvención poderá vir determinada de forma individualizada ou ben resultar da aplicación de porcentaxes destinados a gastos ou actividades que se fixen na convocatoria.

En calquera caso, a contía máxima subvencionable non poderá superar o importe solicitado nin o total da actividade.

Sempre que así se estableza na respectiva convocatoria, o importe non concedido poderá prorratearse entre os beneficiarios da convocatoria, sen superar o importe máximo global.

Será a convocatoria a que determine o réxime de compatibilidade ou incompatibilidade para a percepción doutras subvencions, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, así como a realización de pagos a conta ou pagos anticipados. Estes últimos suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiación necesaria para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención.

En caso de non previsión na respectiva convocatoria, o pago da subvención realizarase previa xustificación, polo beneficiario, da realización da actividade ou proxecto.

#### CAPITULO V.

##### PROCEDIMENTO DE CONCESION EN REXIME DE CONCURRENCIA COMPETITIVA

###### ARTIGO 11º INICIACION

1. As solicitudes presentaranse no Rexistro de Entrada do Concello de Xermade, dirixidas ó Sr. Alcalde - Presidente e deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

1. Acordo dos órganos representativos da entidade solicitante, ou escrito do representante ou da persoa física, que xustifique a necesidade da subvención solicitada.

2. Memoria das actividades para as que solicita subvención, con orzamento detallado por actividades e partidas.

3. Declaración formal das subvencions solicitadas ou percibidas doutras institucións públicas ou privadas para esa mesma actividade.

4. Calquera outra documentación ou xustificación que a efectos de comprobación ou concreción de datos poda acordarse nas respectivas convocatorias de concesión das subvencions.

2. Sempre que así se estableza nas convocatorias, poderase admitir a substitución da presentación de determinados documentos por unha declaración responsable do solicitante. Neste caso, con anterioridade á

proposta de resolución de concesión da subvención, deberase requerir a presentación da documentación que acredite a realidade dos datos contidos na citada declaración, nun prazo non superior a 15 días.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos na norma da convocatoria, o instructor requerirá ó interesado para que subsane no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixera entenderáselle por desistido da súa solicitude, previa resolución que deberá ser dictada nos termos previstos no artigo 71 da Lei 30/1992, de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

#### ARTIGO 12º Órgano de instrucción.

A instrucción do procedemento de concesión de subvencións corresponderá ós técnicos dos servizos municipais da concellería que promova a convocatoria. Realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos que debe formularse a proposta de resolución.

#### ARTIGO 13º Órgano Colexiado.

Ós efectos previstos no artigo. 22.1 da LXS, o órgano Colexiado competente para a proposta de concesión estará composto como mínimo, pola Alcaldía ou Concelleiro Delegado correspondente, e técnico municipal competente por razón da materia.

#### ARTIGO 14º Proposta de resolución provisional.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe do órgano Colexiado, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que deberá notificarse ós interesados na forma que estableza a convocatoria, tales como tablóns de anuncios, notificacións ordinarias, por correo electrónico ou a través da páxina web do Concello de Xermade, e se concederá un prazo de dez días para presentar alegacións.

Poderase prescindir deste trámite de audiencia cando non figuren no procedemento nin sexan tidos en conta outros feitos, alegacións e probas máis que as aducidas polos interesados.

Neste, a proposta de resolución provisional formulada terá o carácter de definitiva.

O expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que obra no seu poder despréndese que os beneficiarios cumpren todos os requisitos necesarios para acceder a mesma.

As propostas de resolución provisional e definitiva non crean dereito algun a favor do beneficiario proposto, fronte á Administración, mentras non se lle notifique a resolución definitiva da concesión.

#### ARTIGO 15º Órgano concedente.

A proposta de concesión formularase ó órgano concedente, que será o competente segundo a lexislación local, polo órgano Colexiado a través do órgano instruc-

tor.

#### ARTIGO 16º Resolución.

A resolución deberá conter ademais do solicitante ou relación de solicitantes os que se lle concede a subvención, fará constar, no seu caso e de maneira expresa, a desestimación do resto das solicitudes.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de seis meses. O prazo computarase a partir da publicación da correspondente convocatoria, salvo que a mesma pospoña os seus efectos a unha data posterior.

O vencemento do prazo máximo sen que se teña notificado a resolución, lexitima ós interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión da subvención.

Cando o importe da subvención da proposta de resolución provisional sexa inferior ó que figura na solicitude presentada, instaráselle ó beneficiario a reformulación da súa solicitude para axustar os compromisos e condicións á subvención outorgada, nun prazo máximo e improrrogable de dez días, sempre que así se estableza nas convocatorias respectivas. De non facelo, entenderase que desiste da súa petición, circunstancia que deberá notificarse segundo o previsto na LXPAC.

#### ARTIGO 17º Publicidade das subvencións concedidas.

Débense publicar no Boletín Oficial da Provincia as subvencións concedidas, cando consideradas individualmente, superen a contía de 3.000 euros, con expresión da convocatoria, o crédito orzamentario o que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade ou finalidades da subvención.

Cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a indicada, deberáse publicar un extracto das mesmas, no taboleiro de edictos do Concello, así como na páxina web oficial do Concello de Xermade. Este extracto deberá conter como mínimo a expresión da convocatoria, beneficiarios e contía das subvencións.

Non será necesaria a publicación dos datos do beneficiario cando por razón do obxecto da subvención, poda ser contraria ó respecto e salvagarda da honra, a intimidade persoal e familiar das persoas físicas, e así estivese previsto na convocatoria reguladora.

### CAPITULO VI

#### PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA

#### ARTIGO 18º Concesión directa.

Poderán concederse de forma directa e sen necesidade de convocatoria pública, as seguintes subvencións:

1. As previstas nominativamente no orzamento municipal, nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

2. Aquelas cuxo outorgamento ou contía veña imposto á Administración por unha norma de rango legal, que seguirán o procedemento de concesión que lles resulte de aplicación dacordo coa súa propia normativa.

3. Con carácter excepcional, aquelas outras subvencións en que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, e outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública.

## CAPITULO VII

### GASTOS SUBVENCIONABLES

#### XUSTIFICACIÓN E PAGO

##### ARTIGO 19º Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira dubidosa respondan á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido nas convocatorias.

Os gastos financeiros, de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto ou actividade subvencionada, así como os gastos de administración específicos, son subvencionables se están directamente relacionados coa actividade subvencionada e son indispensables para a adecuada preparación ou execución da mesma.

En ningún caso serán gastos subvencionables:

- a) Os intereses deudores das contas bancarias
- b) Intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- c) Os gastos de procedementos xudiciais
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Impostos persoais sobre a renda

Salvo que o órgano concedente a través da aprobación das convocatorias estableza o contrario, segundo o regulado no artigo 32.1 da Lei Xeral de Subvencións, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado durante o período que se estableza na respectiva convocatoria.

##### ARTIGO 20º Pago.

Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto o beneficiario non este ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou sexa deudor por resolución de procedencia de reintegro.

O servizo administrativo correspondente deberá remitir os expedientes á Intervención Municipal con informe que acredite a adecuación da documentación solicitada e o proxecto ou actividade subvencionable, as bases da convocatoria.

##### ARTIGO 21º Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxetivos previstos na concesión da subvención, documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, na que se deben incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

Esta conta xustificativa deberá incluír unha declaración das actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, con desglose de cada un dos gastos incorridos. Estes gastos acreditaranse mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa.

A súa presentación realizarase como máximo no prazo establecido nas Bases de Execución do orzamento municipal, e que en ningún caso será superior a tres meses dende a finalización do prazo para a realización da actividade.

##### ARTIGO 22º

As subvencións que se concedan en atención á concorrencia dunha determinada situación no perceptor, non requirirán outra xustificación que a acreditación por calquera medio admisible en dereito de dita situación previamente á concesión, sen prexuízo dos controis que poideran establecerse para verificar a súa existencia.

## CAPITULO VIII

### PROCEDEMENTO DE REINTEGRO

##### ARTIGO 23º Reintegro.

O órgano concedente será o competente para esixir do beneficiario o reintegro de subvencións mediante a resolución do procedemento regulado na LXS, cando aprecie a existencia dalgún dos supostos de reintegro de cantidades percibidas establecidos no artigo 37 da Lei.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento de reintegro será de doce meses dende a data do acordo de iniciación.

Prescribirá ós catro anos o dereito da Administración a recoñecer ou liquidar o reintegro computándose segundo o establecido no artigo 39 da Lei.

## CAPITULO IX

### INFRACCIÓN, SANCIÓN ADMINISTRATIVA

#### PROCEDEMENTO SANCIONADOR

##### ARTIGO 24º

Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei Xeral de Subvencións e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

Atenderase en canto a tipificación e procedemento o previsto no título IV da citada Lei.

#### DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcurrido o prazo ó que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/1985, reguladora de bases do réxime local, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderáse interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ó da publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A presente Ordenanza consta de vinte e tres artigos e unha disposición final, e foi aprobada polo Concello en Pleno en sesión celebrada o vinte e ún de decembro de 2006.

#### ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS

##### Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No das facultades atribuídas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a exacción da taxa por expedición de documentos administrativos, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, das que as normas atenden ó previsto no artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 2/2004.

##### Artigo 2.- Feito imponible

2.1 Constitúe o feito imponible da taxa a actividade administrativa que se leve a cabo con motivo da tramitación, a instancia de parte, de toda clase de documentos que expida e de expedientes dos que entenda a Administración e autoridades municipais.

2.2 Os sinalados efectos entenderase tramitada a instancia de parte calquera documentación administrativa que promova o particular ou redunde no seu beneficio aínda que non media e solicitude expresa do interesado.

2.3 Non estará suxeita a esta taxa a tramitación de documentos e expedientes necesarios para o cumprimento de obrigas fiscais, así como as consultas tributarias, os expedientes de devolución de ingresos indebidos, os recursos administrativos contra as resolucións municipais de calquera índole, os relativos a prestación de servizos ou realización de actividades de competencia municipal e a utilización privativa ou o aprobeitamento especial de bens de dominio público municipal que están grabados por outra taxa municipal ou polos que se esixa prezo público por este Concello.

##### Artigo 3.- Suxeito pasivo.

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas e xurídicas e as entidades as que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que soliciten, provoquen ou no interese das cales redunde a tramitación do documento ou expediente do que se trate.

##### Artigo 4.- Responsables.

4.1 Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas referidas nos os artigos 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

4.2 Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

##### Artigo 5.- Exencións subxetivas.

Terán unha exención subxetiva aqueles contribuíntes que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Xermade ó respecto.

##### Artigo 6.- Cota tributaria

6.1 A cota tributaria determinarase por unha cantidade de fixa sinalada segundo a natureza dos documentos ou expedientes a tramitar dacordo coa tarifa que se recolle no seguinte artigo.

6.2 A cota de Tarifa corresponde a tramitación completa, en cada instancia, do documento ou expediente de que se trate, dende a súa iniciación ata a súa resolución final, incluída a certificación e notificación o interesado do acordo recaído.

6.3 As cuotas resultantes na aplicación das anteriores tarifas incrementaranse nun 50% cando os interesados solicitasen con carácter de urxencia a tramitación dos expedientes que motivasen o devengo.

##### Artigo 7.- Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase da maneira seguinte:

#### 1. DOCUMENTOS RELATIVOS A URBANISMO

- Certificacións de calificacións urbanísticas: 10 euros.

- Expedientes acreditativos da antigüidade das edificacións: 10 euros

- Expedientes sobre incoación ou non de expediente de reposición da legalidade ou sancionador: 10€

#### 2. OUTROS DOCUMENTOS

-Inscripción no libro rexistro de parellas de feito: 6 euros



-Certificacións de empadronamento do padrón vixente: 3 euros

-Certificacións de empadronamento de padróns anteriores: 3 euros

-Certificacións de acordos municipais.

Do ano en curso: 3 euros

De anos anteriores: 5 euros

-Outros informes non comprendidos nos apartados anteriores: 3 euros

-Outros certificados non comprendidos en apartados anteriores:

Se necesitan informe técnico: 12 euros

Se non necesitan informe técnico: 3 euros

-Cambio de titularidade de licenzas de apertura de establecementos: 100 euros

### 3. PLANOS, FOTOCOPIAS E DOCUMENTOS TECNICOS.

-Por cada documento que se expida en fotocopia:

Por cada folio tamaño A4: 0,10 euros

Por cada folio A3: 0,20 euros

Por cada folio tamaño A2: 1 euro

Por folio tamaño A1: 2 euros

Por folio tamaño A0: 10 euros

-Polas compulsas de documentos:

Primeira compulsas: 1 euro

Segunda e seguintes: 0,30 euros/cada unha.

-Compulsa de documentos esixidos para a obtención de prestación dos servizos sociais municipais, ou de axuda ás familias por fillos cursando estudos (bolsas de estudos), por folio: 0 euros

### 4. DOCUMENTACIÓN CATASTRAL.

- Copia da cartografía en papel:

Copias en A4: 0,10 euros

Copias en A3: 0,20 euros

- Certificacións catastrales descritivas e gráficas referidas unicamente a unha unidade urbana ou unha parcela rústica: 5 euros

#### Artigo 8.- Bonificacións da cota

Non se concederá bonificación algunha dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa.

#### Artigo 9.- Devengo

9.1 Devengase a taxa e nace a obriga de contribuir cando se presente a solicitude que inicia a tramitación dos documentos e expedientes suxeitos o tributo.

9.2 Nos casos a que se refire o nº 2 do artigo 2 o devengo prodúcese cando teñan lugar as circunstancias que provean a actaación municipal de oficio ou cando ésta se inicie sen previa solicitude do interesado pero redunde no seu beneficio.

#### Artigo 10.- Declaración de ingreso.

10.1 A taxa esixirase en réxime de autoliquidación polo procedemento do selo municipal adherido o escrito de solicitude dat ramitación do documento ou expediente, ou nestes mesmos se o escrito non existe, ou a solicitude non foi expresa.

